**BASES QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO / OPOSICIÓN, DE UN XEFE DE BRIGADA, UN PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓNS DE INCENDIOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E AS ENTIDADES LOCAIS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.**

**Primeira.- Obxecto da Convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal para realizar os traballos que figuran descritos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilasantar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa de incendios, mediante concurso/oposición, dos seguintes postos:

- 1 xefe de brigada.
- 1 peón conductor
- 3 peóns de incendios.

Esta contratación será de 40 horas semanais e terá un período de duración de 3 meses, a modalidade contractual será dun contrato de servizo de duración determinada, as retribucións mensuais serán as seguintes :

- 1 xefe de brigada: 1.140,00 €/ mes (incluida parte proporcional de paga extra)
- 1 peón conductor: 940,00 €/ mes (incluida parte proporcional de paga extra)
- 3 peóns de incendios 940,00 €/ mes (incluida parte proporcional de paga extra)

**Criterios específicos para a selección de candidatos.**

**XEFE DE BRIGADA.**

1. Deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
2. Carnet de conducir B.

**PEÓN CONDUCTOR**

1. Certificado de escolaridade ou estudios primarios.
2. Carnet de conducir B.

**PEÓN DE INCENDIOS.**

1.- Certificado de escolaridade ou estudios primarios.

**Presentación de solicitudes:**

No Rexistro Xeral do Concello de Vilasantar nun prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web www.vilasantar.com e no taboleiro de editos do concello. **Ata o día 25 de Xuño de 2018 ás 14.30 Horas.**

O alcalde.

Fernando Pérez Fernandez.